



Ramiro Ouviaña Ouviaña, concelleiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego-AA do concello da Pobra do Caramiñal, ao abeiro do disposto nos artigos 97 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, Lei de Administración Local de Galicia, 91.4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 46.2 da Lei 11/1999, do 21 de abril, Lei de modificación da Lei Reguladora de Bases do Réxime Local e outras medidas, presenta a seguinte **MOCIÓN** polo incumprimento do Regulamento de Participación Cidadá deste concello.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Regulamento de Participación Cidadá da Pobra do Caramiñal foi aprobado de maneira definitiva no Pleno Ordinario desta Corporación celebrado o 27 de febreiro de 2017 e entrou en vigor o 4 de marzo do mesmo ano, unha vez publicado no Boletín Oficial da Provincia.

Atrás quedaba a moción que este mesmo grupo someteu ao Pleno do mes de xullo do 2015, que, emendada polo goberno, foi aprobada cos únicos votos dos seus concelleiros, incluíndo o compromiso do goberno de presentar unha proposta antes de tres meses.

Diante da inoperancia do goberno, o BNG decidiu presentar ao Pleno de abril de 2016 unha nova moción, aprobada por unanimidade, que incorporaba unha proposta de Regulamento composto por Limiar; Marco legal, Disposicións Xerais; 9 capítulos, cun total de 41 artigos; 2 disposicións transitorias, 1 derogatoria e 1 final.

A Disposición Transitoria Primeira di:

Aprobado este Regulamento de Participación Cidadá, no prazo de seis meses deberanse constituír o Rexistro de Asociacións Municipais, o Consello de Participación Veciñal e os Consellos sectoriais ou de áreas. e a Disposición Transitoria Segunda establece:

Transcorrido un ano de aplicación do presente regulamento, elaborárase un balance de funcionamento, propoñéndose, se procede, a modificación do mesmo, de forma que mellor se axuste á realidade e ás necesidades do municipio.

Ningunha das accións incluídas en ambas as dúas Disposicións foron realizadas á data de presentación desta moción.

Por todo o anteriormente exposto, sométese a consideración do Pleno da Corporación a aprobación dos seguintes

ACORDOS

1. Reprobar a Concelleira de Participación Veciñal pola súa incapacidade de levar adiante o Regulamento de Participación Cidadá da Pobra do Caramiñal.
2. Instar ao goberno municipal a comezar de inmediato as accións necesarias para cumprir co establecido no Regulamento, nomeadamente, pero non exclusivamente, a formación do Consello de Participación Veciñal e os Consellos sectoriais.

A Pobra do Caramiñal, 18 de maio de 2018



Ramiro Ouviaña Ouviaña
Concelleiro e Portavoz do G.M. do BNG-AA